



# Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

## Índice

<b>TÍTULO I</b> .....	<b>9</b>
<b>DISPOSICIÓN XERAIS</b> .....	<b>9</b>
Artigo 1. <i>Obxecto</i> .....	9
Artigo 2. <i>Ámbito de aplicación</i> .....	9
Artigo 3. <i>A etapa de educación secundaria obrigatoria</i> .....	9
Artigo 4. <i>Fins</i> .....	9
Artigo 5. <i>Principios xerais</i> .....	10
<b>TÍTULO II</b> .....	<b>10</b>
<b>ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</b> .....	<b>10</b>
<b>CAPÍTULO I</b> .....	<b>10</b>
<b>CURRÍCULO E ORGANIZACIÓN</b> .....	<b>10</b>
Artigo 6. <i>Currículo</i> .....	10
Artigo 7. <i>Obxectivos xerais da etapa</i> .....	11
Artigo 8. <i>Competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico</i> .....	13
Artigo 9. <i>Organización dos tres primeiros cursos</i> .....	13
Artigo 10. <i>Organización do cuarto curso</i> .....	15
Artigo 11. <i>Estrutura curricular das materias</i> .....	16
Artigo 12. <i>Horario</i> .....	17
Artigo 13. <i>Agrupación de materias en ámbitos</i> .....	17
<b>CAPÍTULO II</b> .....	<b>17</b>
<b>DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO</b> .....	<b>17</b>
Artigo 14. <i>Autonomía dos centros</i> .....	18
Artigo 15. <i>Concreción curricular</i> .....	18
Artigo 16. <i>Programacións didácticas</i> .....	19
Artigo 17. <i>Principios pedagóxicos</i> .....	20
Artigo 18. <i>Elementos transversais</i> .....	21
Artigo 19. <i>Coordinación entre etapas</i> .....	22
<b>CAPÍTULO III</b> .....	<b>22</b>
<b>TITORÍA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b> .....	<b>22</b>
Artigo 20. <i>Titoría e orientación</i> .....	22
Artigo 21. <i>Atención á diversidade</i> .....	23
Artigo 22. <i>Programas de diversificación curricular</i> .....	26
Artigo 23. <i>Ciclos formativos de grao básico</i> .....	27
<b>CAPÍTULO IV</b> .....	<b>28</b>
<b>AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN</b> .....	<b>28</b>
Artigo 24. <i>Avaliación</i> .....	28
Artigo 25. <i>Promoción</i> .....	29
Artigo 26. <i>Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria</i> .....	31



Artigo 27. <i>Avaliación de diagnóstico</i> .....	32
Artigo 28. <i>Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva</i> .....	32
Artigo 29. <i>Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais</i> .....	32
<b>TÍTULO III</b> .....	<b>33</b>
<b>DOCUMENTOS OFICIAIS DE AVALIACIÓN</b> .....	<b>33</b>
Artigo 30. <i>Documentos e informes de avaliación</i> .....	33
Artigo 31. <i>Actas de avaliación</i> .....	33
Artigo 32. <i>Expediente académico</i> .....	34
Artigo 33. <i>Historial académico</i> .....	35
Artigo 34. <i>Informe persoal por traslado</i> .....	35
Artigo 35. <i>Autenticidade, seguridade e confidencialidade</i> .....	36
<b>TÍTULO IV</b> .....	<b>36</b>
<b>PLANS EDUCATIVOS</b> .....	<b>36</b>
Artigo 36. <i>Bibliotecas escolares e lectura</i> .....	36
Artigo 37. <i>Educación dixital</i> .....	37
Artigo 38. <i>Promoción de estilos de vida saudables</i> .....	37
<b>Disposicións</b> .....	<b>38</b>
<b>Disposicións adicionais</b> .....	<b>38</b>
Disposición adicional primeira. <i>Adaptación de referencias</i> .....	38
Disposición adicional segunda. <i>Ensinanzas de relixión e proxecto competencial</i> .....	38
Disposición adicional terceira. <i>Aprendizaxe de linguas estranxeiras</i> .....	39
Disposición adicional cuarta. <i>Educación de persoas adultas</i> .....	39
Disposición adicional quinta. <i>Atribución docente nas materias optativas do terceiro e cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria</i> .....	41
Disposición adicional sexta. <i>Simultaneidade de estudos</i> .....	42
Disposición adicional sétima. <i>Calendario escolar</i> .....	42
<b>Disposicións derogatorias</b> .....	<b>42</b>
Disposición derogatoria única. <i>Derogación normativa</i> .....	42
<b>Disposicións derradeiras</b> .....	<b>42</b>
Disposición derradeira primeira. <i>Calendario de implantación</i> .....	42
Disposición derradeira segunda. <i>Desenvolvemento normativo</i> .....	43
Disposición derradeira terceira. <i>Entrada en vigor</i> .....	43
<b>Anexo IV</b> .....	<b>44</b>
<b>Distribución horaria</b> .....	<b>44</b>
<b>1. Distribución horaria da etapa</b> .....	<b>44</b>
<b>2. Distribución horaria por cursos</b> .....	<b>45</b>



I

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran, e tamén establece que o currículo deberá estar orientado a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supoñer unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e o exercicio do dereito á educación.

Así mesmo, coas modificacións introducidas pola citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realízase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, e establécese que, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, á súa vez, serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do que formarán parte os aspectos básicos antes mencionados. Finalmente, corresponderá aos propios centros docentes desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo no uso da súa autonomía, tal como se recolle na propia lei.

Por outra banda, con relación á educación secundaria obrigatoria, a nova redacción da lei modifica algúns aspectos da ordenación e da organización das ensinanzas desa etapa.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para a educación secundaria obrigatoria, determinando os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación, tales como a avaliación, a promoción e a titulación, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan, e das



facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.

Este decreto ten por obxecto establecer o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 13 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

Así mesmo, ten por obxecto regular a ordenación da dita etapa educativa, de acordo coa disposición derradeira sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## II

Son moitos os cambios que se produciron nos últimos anos nos comportamentos sociais, cambios que tamén afectan ao papel da educación e á percepción que a sociedade ten desta. Entre eses cambios cabe destacar o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá, que está a modificar a maneira en que as persoas participan na sociedade, e as súas capacidades para construíren a propia personalidade e para aprenderen ao longo da vida.

O sistema educativo galego non pode permanecer alleo a estes continuos cambios que deben ter un reflexo na aprendizaxe das persoas ao longo da vida, con diferentes enfoques para adaptar a formación aos requisitos actuais e futuros. Entre os moitos enfoques que hai que ter presentes destacan os dereitos da infancia como principio reitor; a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual; a inclusión educativa para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros docentes e unha maior personalización da aprendizaxe; a importancia de atender a desenvolvemento sostible que inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica; e tamén o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta á actividade educativa. A sociedade no seu conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado.

Todas estas importantes consideracións teñen que estar presentes na configuración dun currículo galego para a etapa da educación secundaria obrigatoria que permita establecer e homoxeneizar no territorio os dereitos formativos e de aprendizaxe do alumnado, pero tamén guiar o profesorado nos procesos de ensino e aprendizaxe que poña en práctica, permitíndolle ter unha base máis clara sobre a que desenvolver a súa docencia segundo as idades do alumnado. Nese sentido, unha das funcións do currículo será a de informar as e os docentes sobre o que se pretende acadar e



proporcionarlles pautas de acción e orientacións sobre como conseguilo. Ademais, constitúe un referente para a rendición de contas dentro do propio sistema educativo e para as avaliacións da calidade deste, entendidas como a súa capacidade para acadar as intencións educativas fixadas.

O currículo da educación secundaria obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

A etapa de educación secundaria obrigatoria participa do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave adaptáronse ao contexto escolar, así como aos principios e aos fins do sistema educativo.

Este currículo baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas para o alumnado, e propostas metodolóxicas innovadoras.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as materias e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O rol do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

Todos estes enfoques están considerados neste decreto e van unidos ao recoñecemento dunha maior autonomía dos centros docentes, aumentando a súa capacidade de decisión no desenvolvemento do currículo.



Desde o punto de vista formal, o decreto conta con trinta e oito artigos estruturados en catro títulos, sete disposicións adicionais, unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras.

O título I, de disposicións xerais, establece o obxecto e o ámbito de aplicación, e concreta os fins e os principios xerais da etapa de educación secundaria obrigatoria no marco do sistema educativo.

O título II, que se denomina «Organización e desenvolvemento», distribúese en catro capítulos.

No capítulo primeiro defínese o currículo e os elementos que o conforman, concréntanse os obxectivos xerais e as competencias clave para esta etapa educativa, e introdúcese, con carácter anovador, o perfil de saída ao termo do ensino básico. Abórdase a organización das materias da etapa e a súa estrutura curricular, referida aos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos e as orientacións pedagóxicas. Abórdanse, tamén, o horario e a agrupación das materias en ámbitos.

No capítulo segundo regúlase o desenvolvemento do currículo, potenciando a autonomía dos centros e establecendo o contido que deberán ter a concreción curricular e as programacións didácticas. Neste capítulo tamén se tratan os principios pedagóxicos da intervención educativa, os elementos transversais e a importancia da coordinación da etapa da educación secundaria obrigatoria coa previa de educación primaria e a posterior de bacharelato.

No capítulo terceiro trátase o papel da titoría, así como a atención á diversidade; regúlanse os programas de diversificación curricular e séntanse as bases para os ciclos formativos de grao básico no referido á educación secundaria obrigatoria.

No capítulo cuarto regúlase a avaliación, a promoción e a titulación en educación secundaria obrigatoria, establecendo o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa como os referentes para as avaliacións; tamén se regula a avaliación de diagnóstico que se realizará no segundo curso, así como o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva, e a participación e o dereito á información das nais, dos pais ou das persoas titoras legais.

O título III regula os documentos oficiais de avaliación do alumnado; nel defínese cales deben ser os documentos e os informes de avaliación, regúlanse as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e o informe persoal por traslado, e establécense tamén as garantías para a súa autenticidade, seguridade e confidencialidade.

Por último, o título IV dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionar ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento da





lectura, e do proceso de educación dixital, no que a promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento.

O decreto finaliza con sete disposicións adicionais, relativas á adaptación de referencias normativas, á ensinanza da relixión, á aprendizaxe de linguas estranxeiras, á educación de persoas adultas, á atribución docente nas materias optativas do terceiro e do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, á simultaneidade de estudos e ao calendario escolar; mais unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

Neste decreto inclúense, ademais, catro anexos: o anexo I, relativo ao perfil de saída ao termo do ensino básico, no que se establecen as competencias clave e os descritores operativos que rexerán na etapa; o anexo II, sobre o currículo de cada materia da etapa, que se estrutura en introdución, obxectivos, criterios de avaliación e contidos organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa, e orientacións pedagóxicas; o anexo III, sobre o currículo dos ámbitos específicos dos programas de diversificación curricular coa mesma estrutura curricular que as materias da etapa; e o anexo IV, no que se regula o horario escolar das materias en cada un dos cursos da etapa.

#### IV

Desde o punto de vista da mellora da calidade normativa, este decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, que se recollen no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para a regulación do currículo da ensinanza da educación secundaria obrigatoria conforme a nova redacción da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tras as modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, e o Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

De acordo co principio de proporcionalidade e de simplicidade, contén a regulación imprescindible da estrutura desta ensinanza ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos.

Conforme os principios de seguridade xurídica e eficiencia, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.



Cumpre tamén co principio de transparencia e accesibilidade, xa que se identifica claramente o seu propósito, e durante o procedemento de tramitación da norma permitiuse a participación activa das persoas potenciais destinatarias a través do trámite de audiencia e información pública no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, en exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do \_\_\_ de \_\_\_ de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

Borrador





## TÍTULO I

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1. *Obxecto*

1. Este decreto ten por obxecto establecer o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 13.3 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

2. Así mesmo, ten por obxecto regular a ordenación da dita etapa educativa, de acordo coa disposición derradeira sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Este decreto será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria.

#### Artigo 3. *A etapa de educación secundaria obrigatoria*

1. A educación secundaria obrigatoria é unha etapa educativa que constitúe, xunto coa educación primaria e os ciclos formativos de grao básico, a educación básica.

2. A educación secundaria obrigatoria comprende catro cursos e organízase en materias e en ámbitos.

3. O cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

#### Artigo 4. *Fins*

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo; así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.



### Artigo 5. *Principios xerais*

1. A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto, e en réxime ordinario cursarase, con carácter xeral, entre os doce e os dezaseis anos de idade, aínda que as alumnas e os alumnos terán dereito a permanecer na etapa ata os dezaioito anos de idade feitos no ano en que finalice o curso. Este límite de permanencia poderase ampliar de maneira excepcional nos supostos aos que se refiren os artigos 25.7 e 25.8.

2. Nesta etapa prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Neste ámbito incorporarase, entre outros aspectos, a perspectiva de xénero. Así mesmo, teranse en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade ou que se atope en situación de vulnerabilidade.

3. A educación secundaria obrigatoria organizarase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.

4. Así mesmo, poñerase especial atención na potenciación da aprendizaxe de carácter significativo para o desenvolvemento das competencias, promovendo a autonomía e a reflexión.

## TÍTULO II

### ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

#### CAPÍTULO I

### CURRÍCULO E ORGANIZACIÓN

### Artigo 6. *Currículo*

1. De conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na citada lei.

2. Este decreto establece o currículo da educación secundaria obrigatoria ao que se refire o artigo 6.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Para os efectos deste decreto enténdese o seguinte:

a) Obxectivos de etapa: logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

b) Competencias clave: desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e



desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Perfil de saída: concreción dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica que fundamenta o resto de decisións curriculares, así como as estratexias e orientacións metodolóxicas na práctica lectiva. O perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ao finalizar a educación básica, e constitúe o referente último sobre o nivel de desempeño competencial esperado tanto na avaliación das distintas etapas e modalidades da formación básica, como para a titulación en educación secundaria obrigatoria a través dos correspondentes descritores operativos.

d) Obxectivos de materia ou ámbito: desempeños que o alumnado debe poder desprezar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada materia ou ámbito. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, o perfil de saída do alumnado e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das materias ou dos ámbitos.

e) Criterios de avaliación: referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada materia ou ámbito nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da materia ou do ámbito, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias.

f) Contidos: coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha materia ou dun ámbito e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da materia ou do ámbito.

g) Orientacións pedagóxicas: indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias.

## Artigo 7. Obxectivos xerais da etapa



A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a



dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

#### *Artigo 8. Competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico*

1. No anexo I defínense o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico e as competencias clave da etapa, que, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

2. O currículo que establece este decreto garante o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente o devandito perfil de saída.

#### *Artigo 9. Organización dos tres primeiros cursos*

1. No primeiro curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Bioloxía e Xeoloxía.
- b) Educación Física.
- c) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- d) Lingua Castelá e Literatura.
- e) Lingua Estranxeira.
- f) Lingua Galega e Literatura.



- g) Matemáticas.
- h) Segunda Lingua Estranxeira.
- i) Tecnoloxía e Dixitalización.
- j) Xeografía e Historia.

2. No segundo curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Educación Física.
- b) Física e Química.
- c) Lingua Castelá e Literatura.
- d) Lingua Estranxeira.
- e) Lingua Galega e Literatura.
- f) Matemáticas.
- g) Música.
- h) Segunda Lingua Estranxeira.
- i) Tecnoloxía e Dixitalización.
- j) Xeografía e Historia.

3. No terceiro curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Bioloxía e Xeoloxía.
- b) Educación en Valores Cívicos e Éticos.
- c) Educación Física.
- d) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- e) Física e Química.
- f) Lingua Castelá e Literatura.
- g) Lingua Estranxeira.
- h) Lingua Galega e Literatura.
- i) Matemáticas.
- j) Música.
- k) Xeografía e Historia.





l) Unha materia optativa de entre as seguintes:

- Cultura Clásica.
- Educación Dixital.
- Oratoria.
- Segunda Lingua Estranxeira.

4. A materia de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

5. Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias optativas citadas no punto 3.l). Só se poderá limitar a elección destas materias por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación.

#### Artigo 10. *Organización do cuarto curso*

1. No cuarto curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Educación Física.
- b) Lingua Castelá e Literatura.
- c) Lingua Estranxeira.
- d) Lingua Galega e Literatura.
- e) Matemáticas A ou Matemáticas B, en función da elección da alumna ou do alumno.
- f) Xeografía e Historia.
- g) Tres materias de opción de entre as seguintes:
  - Bioloxía e Xeoloxía.
  - Dixitalización.
  - Economía e Emprendemento.
  - Expresión Artística.
  - Física e Química.
  - Formación e Orientación Persoal e Profesional.



- Latín.
- Música.
- Segunda Lingua Estranxeira.
- Tecnoloxía.

h) Unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:

- Cultura Clásica, se non foi cursada no terceiro curso.
- Filosofía.
- Oratoria, se non foi cursada no terceiro curso.
- Unha materia de opción non cursada das enumeradas na letra g).

2. A materia de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

3. O cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, os centros docentes na configuración da súa oferta poderán establecer agrupacións das materias mencionadas no punto 1.g) e no 1.h) en itinerarios, orientados cara ás diferentes modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, fomentando a presenza equilibrada de ambos os sexos nas diferentes ramas de estudo. En todo caso, o alumnado deberá poder alcanzar, por calquera das opcións que se establezan, o nivel de adquisición das competencias establecido para a educación secundaria obrigatoria no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

4. Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias de opción citadas no punto 1.g) e poderán ofrecer as materias optativas citadas no punto 1.h) nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

Só se poderá limitar a elección de materias por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste para algunha das materias ou itinerarios, segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación.

#### Artigo 11. *Estrutura curricular das materias*

1. O currículo da educación secundaria obrigatoria nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia será o que se recolle para as distintas materias no anexo II deste decreto. O dito currículo estrutúrase para cada materia en:



- Introducción.
- Obxectivos, que serán comúns para toda a etapa.
- Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa.
- Orientacións pedagóxicas.

2. A agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada materia non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnas e alumnos ao que van dirixidos.

#### Artigo 12. *Horario*

1. A carga horaria semanal en períodos lectivos para cada unha das materias dos distintos cursos da etapa é a que figura no anexo IV deste decreto.

Este horario debe entenderse como o tempo semanal necesario para o traballo en cada unha das materias.

2. No primeiro e no segundo curso os centros docentes contarán con dúas sesións lectivas de libre disposición que dedicarán a incrementar a carga lectiva das materias recollidas respectivamente nos puntos 1 e 2 do artigo 9 deste decreto nos termos que estableceza a consellería con competencias en materia de educación.

3. Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

4. A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

#### Artigo 13. *Agrupación de materias en ámbitos*

1. Os centros docentes poderán establecer, nos tres primeiros cursos da etapa, agrupacións de materias en ámbitos no marco do establecido a este respecto pola consellería con competencias en materia de educación.

2. O currículo dos ámbitos constituídos por agrupacións de materias incluírá os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das materias que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto delas.

## CAPÍTULO II

### DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO



#### Artigo 14. *Autonomía dos centros*

1. Os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e nas normas que a desenvolven; favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

2. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo da educación secundaria obrigatoria e fixarán a súa concreción, e incorporaran a ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

3. Así mesmo, os centros docentes terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas organizativas ou de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado.

4. No exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de materias ou ámbitos, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin leve consigo a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin de esixencias para as administracións educativas.

#### Artigo 15. *Concreción curricular*

1. A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

- a) A adecuación dos obxectivos xerais ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias.
- c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
- e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos.



- f) Os criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade, de ser o caso.
  - g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
  - h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que acade a promoción con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores.
  - i) Os criterios para o deseño dos plans específicos personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.
  - j) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.
  - k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.
  - l) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e a avaliación das programacións didácticas.
  - m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
  - n) O procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular.
3. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e na modificación da concreción curricular.

#### Artigo 16. *Programacións didácticas*

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as directrices xerais establecidas na concreción curricular, e ateranse ao que establezan os regulamentos orgánicos dos centros nos que se impartan estas ensinanzas.
2. As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:
  - a) Introducción.
  - b) Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
  - c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da materia ou do ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
  - d) Metodoloxía.
    - Concrecións metodolóxicas.
    - Materiais e recursos didácticos.



e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

#### Artigo 17. *Principios pedagóxicos*

1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerá especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentará a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará





a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II deste decreto para cada unha das materias ou dos ámbitos.

3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

#### Artigo 18. *Elementos transversais*

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.



2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

4. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

#### Artigo 19. *Coordinación entre etapas*

Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, e desde esta á educación secundaria postobrigatoria, os centros docentes establecerán mecanismos para a coordinación entre as diferentes etapas.

### CAPÍTULO III

#### **TITORÍA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

#### Artigo 20. *Titoría e orientación*

1. Na educación secundaria obrigatoria, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor.

3. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos. Esta información



realizárase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada materia ou ámbito.

4. Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das opcións e materias ás que se refiren os artigos 9.3.l), 10.1.g) e 10.1.h) sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero.

5. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias clave correspondentes, así como unha proposta a nais, pais ou persoas titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou, excepcionalmente, a un ciclo formativo de grao básico.

6. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que se entregará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais das alumnas ou dos alumnos, ou á propia alumna ou ao alumno, no caso de que fose maior de idade, que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

7. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a nais, pais ou persoas titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

8. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as características dos consellos orientadores aos que se refiren os puntos anteriores.

#### Artigo 21. *Atención á diversidade*

1. Na etapa da educación secundaria obrigatoria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso.



Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares que permitan aos centros, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas adecuada ás características do seu alumnado. Entre esas medidas teranse en conta as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a exención da Segunda Lingua Estranxeira, a oferta de materias optativas, os programas de reforzo e as medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

As ditas medidas estarán orientadas a permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte curso ou obter a titulación correspondente.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades na súa comprensión e expresión. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

3. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.

4. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Neste proceso de identificación e valoración serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado. A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as



discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade e deseño universal e os recursos de apoio, humanos e materiais, que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e da adaptación dos instrumentos e, de ser o caso, dos tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. Así mesmo, establecerá os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se afasten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

7. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presente graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, poderá recibir, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento, e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

8. Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se



imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na normativa que o desenvolve.

*Artigo 22. Programas de diversificación curricular*

1. Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

2. Os programas de diversificación curricular terán dous cursos de duración correspondentes ao terceiro e ao cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria.

3. O equipo docente poderá propoñer a incorporación a este programa do alumnado ao que se refire o punto 1 deste artigo que se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.

b) Ter que repetir o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá propoñer a incorporación ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria do alumnado ao que se refire o punto 1 deste artigo que se atope nalgunha das seguintes situacións:

c) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a cuarto, sen ter opcións de repetir.

d) Ter que repetir o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

4. Os programas de diversificación curricular incluírán dous ámbitos específicos:

a) O ámbito Lingüístico e Social, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia.

b) O ámbito Científico-Tecnolóxico, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Matemáticas.

O currículo destes ámbitos específicos será o que se recolle no anexo III deste decreto, que segue a mesma estrutura curricular das materias establecida no artigo 11 deste decreto.





A carga horaria semanal en períodos lectivos destes ámbitos específicos será a suma da carga horaria das materias que conforman o ámbito que se establece no anexo IV deste decreto.

Estes programas incluírán tamén o resto de materias do terceiro e do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria establecidas nos artigos 9 e 10 deste decreto non incluídas nos ámbitos específicos, que o alumnado cursará con carácter xeral nun grupo ordinario. Para estes efectos, no cuarto curso, o alumnado só elixirá unha das materias de opción ás que se refire o artigo 10.1.g) excluindo as materias de Bioloxía e Xeoloxía, e de Física e Química, xa incluídas no ámbito Científico-Tecnolóxico.

5. Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito.

No caso de que o ámbito Lingüístico e Social sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia da materia de Lingua Estranxeira, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas na lingua correspondente.

Sen prexuízo do anterior, por razóns organizativas, a parte do currículo correspondente á lingua estranxeira do ámbito Lingüístico e Social poderá ser impartida, de xeito independente, por profesorado da especialidade da lingua estranxeira. Neste caso, a programación do ámbito deberá realizarse de forma coordinada entre o profesorado encargado da docencia do mesmo.

6. Nos programas de diversificación curricular empregárase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias clave establecidas no perfil de saída, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións e o procedemento que seguirán os centros docentes para a incorporación do alumnado aos programas de diversificación curricular que requirirá, en todo caso, ademais da avaliación académica, un informe de idoneidade da medida, e realizarase logo de oídos a propia alumna ou o alumno, e contando coa conformidade das súas nais, dos seus pais ou das súas persoas titoras legais.

### Artigo 23. Ciclos formativos de grao básico

1. Os ciclos formativos de grao básico irán dirixidos preferentemente a quen presente maiores posibilidades de aprendizaxe e de alcanzar as competencias da educación secundaria obrigatoria nunha contorna vinculada ao mundo profesional, velando para evitar a segregación do alumnado



por razóns socioeconómicas ou doutra natureza, co obxectivo de preparalo para a continuación da súa formación.

2. A norma que regule os ciclos formativos de grao básico no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de establecer os currículos dos ámbitos no que se organicen as ensinanzas, establecerá as condicións en que os equipos docentes poidan propoñer a nais, a pais ou a persoas titoras legais do alumnado, ou á propia alumna ou alumno, a través do correspondente consello orientador, a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico cando o perfil académico e vocacional da alumna ou do alumno así o aconselle.

## CAPÍTULO IV

### **AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN**

#### *Artigo 24. Avaliación*

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III deste decreto.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

4. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución



dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III.

6. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

7. Igualmente, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

#### Artigo 25. *Promoción*

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.



3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular ao que se refire o artigo 22 deste decreto, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso consideraranse unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 deste decreto.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.



Artigo 26. *Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria*

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 deste decreto, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirir as competencias establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria,



a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

#### *Artigo 27. Avaliación de diagnóstico*

No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

#### *Artigo 28. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva*

Co fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación, os criterios de promoción e os criterios de titulación, que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter continuo, formativo e integrador da avaliación nesta etapa.

#### *Artigo 29. Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais*

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción a través dun boletín individualizado, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación





poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou o alumno de que se trate.

2. Os dereitos e os deberes referidos no punto anterior fanse extensivos ao alumnado maior de idade, sen prexuízo de que as súas nais, os seus pais, ou as persoas titoras legais poidan facelos igualmente efectivos se xustifican o interese lexítimo.

3. Igualmente, os centros docentes promoverán compromisos educativos coas nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado nos que se consignen as actividades que as persoas integrantes da comunidade educativa se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso académico do alumnado.

### TÍTULO III

#### DOCUMENTOS OFICIAIS DE AVALIACIÓN

##### Artigo 30. *Documentos e informes de avaliación*

1. Na educación secundaria obrigatoria, os documentos oficiais de avaliación son as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado.

2. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

3. Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma que establece o currículo correspondente. Cando teñan que producir efecto fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, estarase ao disposto no artigo 15.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A custodia e o arquivamento dos documentos oficiais de avaliación correspóndenlles aos centros docentes en que se realizaran os estudos. O labor de cubrir e custodiar os ditos documentos será supervisado pola inspección educativa.

##### Artigo 31. *Actas de avaliación*

1. As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao termo do período lectivo. Comprenderán, polo menos, a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das materias ou os ámbitos, e as decisións sobre promoción e permanencia.



2. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de "insuficiente"(IN) para as cualificacións negativas, e "suficiente" (SU), "ben" (BE), "notable" (NT) ou "sobresaliente" (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

Para os efectos de promoción e de titulación aos que se refiren os artigos 25 e 26, a nota media de cada curso da alumna ou do alumno será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias e dos ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico, arredondada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ás alumnas e aos alumnos que demostren un rendemento académico excelente na etapa para a que se outorga.

3. No caso dos ámbitos que integren distintas materias, o resultado da avaliación expresarase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poidan establecerse para manter informados da súa evolución nas diferentes materias a alumna ou o alumno e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

4. Nas actas de segundo, terceiro e cuarto cursos figurará, ademais, o alumnado con materias non superadas de cursos anteriores e recollerase, para o cuarto curso, a proposta de expedición do título de educación secundaria obrigatoria. Nestes cursos estenderanse actas de avaliación de materias pendentes ao termo do período lectivo.

5. As actas de avaliación serán asinadas por todo o profesorado do grupo e levarán o visto e prace da directora ou do director do centro.

### Artigo 32. *Expediente académico*

1. O expediente académico recollerá, xunto cos datos de identificación do centro, os da alumna ou do alumno, así como a información relativa ao seu proceso de avaliación. Abrirase ao comezo da etapa ou, de ser o caso, no momento de incorporación ao centro e recollerá, polo menos, os resultados da avaliación das materias ou dos ámbitos, as decisións de promoción e titulación, as



medidas de apoio educativo e as adaptacións curriculares que se adoptaran para a alumna ou o alumno, e, de ser o caso, a data de entrega da certificación de concluír a escolarización obrigatoria á que se refire o artigo 26.4 deste decreto.

2. No caso de existiren materias que fosen cursadas de forma integrada nun ámbito, no expediente figurará, xunto coa denominación do devandito ámbito, a indicación expresa das materias integradas nel.

3. O expediente académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

### Artigo 33. *Historial académico*

1. O historial académico terá valor acreditativo das ensinanzas realizadas. Como mínimo recollerá os datos identificativos da alumna ou do alumno, as materias ou os ámbitos cursados en cada un dos anos de escolarización, as medidas curriculares e organizativas aplicadas, os resultados da avaliación, as decisións sobre promoción e permanencia, a información relativa aos cambios de centro e as datas en que se produciran os diferentes feitos. Deberá figurar, así mesmo, a indicación das materias que se cursaron con adaptacións curriculares.

2. Co obxecto de garantir a mobilidade do alumnado, cando varias materias fosen cursadas integradas nun ámbito, farase constar no historial a cualificación obtida en cada unha delas. Esta cualificación será a mesma que figure no expediente para o ámbito correspondente.

3. Tras finalizar a etapa, o historial académico entregarase ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais das alumnas ou dos alumnos, ou á propia alumna ou o alumno no caso de que sexa maior de idade.

4. O historial académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

### Artigo 34. *Informe persoal por traslado*

1. Cando unha alumna ou un alumno se traslade a outro centro antes de finalizar a etapa para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, por petición deste, copia do historial académico e o informe persoal por traslado. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico. A matrícula adquirirá carácter definitivo logo de que se reciba a copia do historial académico.



2. O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións que se realizaran, a aplicación, de ser o caso, de medidas curriculares e organizativas, e todas as observacións que se consideren oportunas acerca do progreso xeral da alumna ou do alumno.

3. O informe persoal por traslado será asinado pola persoa que exerza a titoría do grupo da alumna ou do alumno, e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

#### Artigo 35. *Autenticidade, seguridade e confidencialidade*

1. A consellería con competencias en materia de educación establecerá os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos documentos oficiais de avaliación, a integridade dos datos recollidos nestes e a súa supervisión e custodia, así como a súa conservación e o seu traslado en caso de supresión ou extinción do centro.

2. No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á súa cesión duns centros docentes a outros e á seguridade e á confidencialidade destes, atenderase o disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, o establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. Os documentos oficiais de avaliación e os seus procedementos de validación descritos nos puntos anteriores poderán ser substituídos polos seus equivalentes realizados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación, e sempre que se cumpran as garantías e os requisitos establecidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola normativa que as desenvolve.

4. O expediente electrónico do alumnado estará constituído, polo menos, polos datos contidos nos documentos oficiais de avaliación e cumprirá o establecido no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

## TÍTULO IV

### PLANS EDUCATIVOS

#### Artigo 36. *Bibliotecas escolares e lectura*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan lector coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral



anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan lector.

#### *Artigo 37. Educación dixital*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe, sen prexuízo das competencias que no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

#### *Artigo 38. Promoción de estilos de vida saudables*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das



alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

## Disposicións

### Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. *Adaptación de referencias*

1. As referencias realizadas pola normativa vixente ás disciplinas de educación secundaria obrigatoria entenderanse realizadas ás materias correspondentes recollidas neste decreto.

2. As referencias contidas no punto 3 do artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, relativas a Ciencias Sociais, Xeografía e Historia e a Ciencias da Natureza enténdense feitas a Xeografía e Historia e a Bioloxía e Xeoloxía, respectivamente, para os efectos da súa impartición en lingua galega. Así mesmo, as referencias relativas a Tecnoloxías enténdense feitas a Tecnoloxía e Dixitalización e a Tecnoloxía, para os efectos da súa impartición en lingua castelá.

Disposición adicional segunda. *Ensinanzas de relixión e proxecto competencial*

1. As ensinanzas de relixión incluíranse na educación secundaria obrigatoria de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado menor de idade poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelén reciban ou non ensinanza de relixión, así como para o alumnado maior de idade.

3. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por que cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa. Esta atención planificarase e programarase polos centros docentes a través da materia de Proxecto Competencial, cuxo currículo será o que se recolle no anexo II deste decreto, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de





traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades ás que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha materia da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de catedráticas e catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesorado de ensino secundario.

4. A avaliación da ensinanza da relixión católica e do Proxecto Competencial realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que a das outras materias da educación secundaria obrigatoria. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación subscritos polo Estado.

5. A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

6. Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, as cualificacións que se obtiveron na avaliación das ensinanzas de relixión e do Proxecto Competencial non se computarán nas convocatorias nas que deban entrar en concorrència os expedientes académicos, nin cando houberse que acudir a estes para os efectos de admisión de alumnado, para realizar unha selección entre as persoas solicitantes.

#### Disposición adicional terceira. *Aprendizaxe de linguas estranxeiras*

1. Na impartición de materias en linguas estranxeiras, os centros docentes aplicarán o disposto no capítulo IV do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sen que iso supoña modificación do currículo regulado no presente decreto. Neste caso, procurarase que ao longo da etapa as alumnas e os alumnos adquiren a terminoloxía propia das materias na lingua estranxeira e nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. Os centros docentes que impartan unha parte das materias do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. En tales criterios non se incluírán requisitos lingüísticos.

#### Disposición adicional cuarta. *Educación de persoas adultas*





1. De acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación secundaria obrigatoria contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades, que se rexerá polos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, accesibilidade universal, mobilidade e transparencia, e poderá desenvolverse a través do ensino presencial e semipresencial, e tamén mediante a educación a distancia.

2. Co obxecto de que o alumnado adquira unha visión integrada do saber que lle permita desenvolver as competencias e afrontar con éxito os principais retos e desafíos globais do século XXI, as ensinanzas desta etapa organizaranse de forma modular en tres ámbitos e dous niveis en cada un deles:

a) Ámbito de Comunicación, no que se integrarán os aspectos básicos do currículo recollidos no anexo II referidos ás materias de Lingua Castelá e Literatura, de Lingua Estranxeira e de Lingua Galega e Literatura.

b) Ámbito Social, no que se integrarán os aspectos básicos do currículo recollidos no anexo II referidos ás materias de Xeografía e Historia, e de Educación en Valores Cívicos e Éticos.

c) Ámbito Científico-Tecnolóxico, no que se integrarán os aspectos básicos do currículo recollidos no anexo II referidos ás materias de Física e Química, de Bioloxía e Xeoloxía, de Matemáticas, e de Tecnoloxía e Dixitalización.

3. A consellería con competencias en materia de educación establecerá, conforme o anterior, o currículo destas ensinanzas, incorporando aos correspondentes ámbitos, se así o considera conveniente, aspectos curriculares das restantes materias ás que se fai referencia nos artigos 9 e 10 deste decreto.

4. A organización destas ensinanzas deberá permitir a súa realización en dous cursos, garantindo, en todo caso, o logro das competencias establecidas no perfil de saída.

5. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer os procedementos para o recoñecemento da formación do sistema educativo español que o alumnado acredite e a valoración dos coñecementos e experiencias previas adquiridos a través da educación non formal, co obxecto de proceder á súa orientación e adscrición nun nivel determinado dentro de cada un dos ámbitos de coñecemento.

6. A superación dalgún dos niveis correspondentes a cada un dos tres ámbitos aos que fai referencia o punto segundo terá validez en todo o Estado.

7. A superación de todos os ámbitos dará dereito á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, o equipo docente poderá propoñer para a



expedición do dito título aquelas persoas que, aínda non superando algún dos ámbitos, se considere que conseguiron globalmente os obxectivos xerais da formación básica das persoas adultas. Nesta decisión teranse en conta as posibilidades formativas e de integración na actividade académica e laboral de cada alumna ou alumno.

8. A consellería con competencias en materia de educación, no ámbito das súas competencias, organizará periodicamente probas para que as persoas maiores de dezoito anos poidan obter directamente o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, sempre que alcanzaran as competencias básicas e os obxectivos da etapa. Estas probas organizaranse baseándose nos tres ámbitos de coñecemento citados e corresponderá á propia consellería con competencias en materia de educación determinar as partes destas que se considerará que teñen superadas as persoas que concorran a elas, de acordo coa súa historia académica previa.

9. Corresponderá igualmente á consellería con competencias en materia de educación garantir que as probas ás que se refire o punto anterior contén coas medidas de accesibilidade universal e as adaptacións que precise todo o alumnado con necesidades educativas especiais.

Disposición adicional quinta. *Atribución docente nas materias optativas do terceiro e cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria*

A atribución docente das materias optativas do terceiro e do cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria establecidas no artigo 9.3.l) e 10.1.h) deste decreto correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticas e catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades:

Materias optativas	Especialidades dos corpos
<ul style="list-style-type: none"><li>Cultura Clásica.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Grego.</li><li>Latín.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>Educación Dixital. (1)</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Calquera profesora ou profesor de calquera das especialidades docentes que conte cunha acreditación mínima de B2 do Marco de referencia da competencia dixital docente.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>Filosofía.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Filosofía.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>Oratoria.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Lingua Castelá e Literatura.</li><li>Lingua e Literatura Galega.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>Segunda Lingua Estranxeira. (2)</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Alemán.</li><li>Francés.</li></ul>



	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Inglés.</li><li>▪ Italiano.</li><li>▪ Portugués.</li></ul>
(1) Nos centros nos que non exista profesorado coa acreditación mínima de B2 do Marco de referencia da competencia dixital docente, seguirase esta orde de prelación para impartir a materia de Educación Dixital: Informática, Tecnoloxía e Matemáticas.	
(2) Segundo o idioma ofrecido como segunda lingua estranxeira.	

#### Disposición adicional sexta. *Simultaneidade de estudos*

No marco do establecido neste decreto, a consellería con competencias en materia de educación facilitará a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria obrigatoria. Con este fin, poderanse adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que inclúan, entre outras, as validacións entre materias.

#### Disposición adicional sétima. *Calendario escolar*

1. O calendario escolar comprenderá un mínimo de 175 días lectivos.
2. En calquera caso, no cómputo do calendario escolar incluíranse os días dedicados ás avaliacións de diagnóstico de segundo curso.

### **Disposicións derogatorias**

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. A partir da total implantación das modificacións indicadas na disposición derradeira primeira, quedará derogado o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o que se refira á educación secundaria obrigatoria e, en particular, o seu título I.

2. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

### **Disposicións derradeiras**

#### Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación*



O disposto nos títulos II e III do presente decreto implantarase para os cursos primeiro e terceiro no curso escolar 2022-2023, e para os cursos segundo e cuarto no curso escolar 2023-2024.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas, no ámbito das súas competencias, para a execución e o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, \_\_\_ de \_\_\_ de dous mil vinte e dous

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade



**Anexo IV**

**Distribución horaria**

**1. Distribución horaria da etapa**

Materias	Cursos			
	1º	2º	3º	4º
Bioloxía e Xeoloxía	3		2	
Educación Física	2	2	2	2
Educación en Valores Cívicos e Éticos			1	
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2		2	
Física e Química		3	2	
Lingua Castelá e Literatura	3	3	3	3
Lingua Estranxeira	3	3	3	3
Lingua Galega e Literatura	3	3	3	3
Matemáticas	4	4	4	
Matemáticas A / Matemáticas B				4
Música		2	2	
Relixión / Proxecto Competencial	1	1	1	1
Segunda Lingua Estranxeira	2	2		
Tecnoloxía e Dixitalización	3	3		
Xeografía e Historia	3	3	3	3
Optativa 3º (1)			3	
De opción 4º 1 (2)				3
De opción 4º 2 (2)				3
De opción 4º 3 (2)				3
Optativa 4º (3)				3
Libre Disposición de Centro	2	2		
Titoría	1	1	1	1



<b>Totais</b>	32	32	32	32
<b>(1) A materia optativa de 3º seleccionarase de entre as seguintes:</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura Clásica.</li> <li>- Educación Dixital.</li> <li>- Oratoria.</li> <li>- Segunda Lingua Estranxeira.</li> </ul>				
<b>(2) As materias de opción de 4º seleccionarase de entre as seguintes:</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Bioloxía e Xeoloxía.</li> <li>- Dixitalización.</li> <li>- Economía e Emprendemento.</li> <li>- Expresión Artística.</li> <li>- Física e Química.</li> <li>- Formación e Orientación Persoal e Profesional.</li> <li>- Música.</li> <li>- Latín.</li> <li>- Segunda Lingua Estranxeira.</li> <li>- Tecnoloxía.</li> </ul>				
<b>(3) A materia optativa de 4º seleccionarase de entre as seguintes:</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura Clásica, se non foi cursada en 3º.</li> <li>- Filosofía.</li> <li>- Oratoria, se non foi cursada en 3º.</li> <li>- Segunda Lingua Estranxeira.</li> <li>- Unha materia de opción non cursada.</li> </ul>				

## 2. Distribución horaria por cursos

### 1º curso

Curso	Materia	Sesiões Lectivas
1º	▪ Bioloxía e Xeoloxía	3
1º	▪ Educación Física	2
1º	▪ Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
1º	▪ Lingua Castelá e Literatura	3
1º	▪ Lingua Estranxeira	3





1º	▪ Lingua Galega e Literatura	3
1º	▪ Matemáticas	4
1º	▪ Relixión / Proxecto Competencial	1
1º	▪ Segunda Lingua Estranxeira	2
1º	▪ Tecnoloxía e Dixitalización	3
1º	▪ Xeografía e Historia	3
1º	▪ Libre Disposición de Centro	2
1º	▪ Tutoría	1
Total 1º		32

## 2º curso

Curso	Materia	Sesiões Lectivas
2º	▪ Educación Física	2
2º	▪ Física e Química	3
2º	▪ Lingua Castelá e Literatura	3
2º	▪ Lingua Estranxeira	3
2º	▪ Lingua Galega e Literatura	3
2º	▪ Matemáticas	4
2º	▪ Música	2
2º	▪ Relixión / Proxecto Competencial	1
2º	▪ Segunda Lingua Estranxeira	2
2º	▪ Tecnoloxía e Dixitalización	3
2º	▪ Xeografía e Historia	3
2º	▪ Libre Disposición de Centro	2
2º	▪ Tutoría	1
Total 2º		32



3º curso

Curso	Materia	Sesiões Lectivas
3º	▪ Bioloxía e Xeoloxía	2
3º	▪ Educación en Valores Cívicos e Éticos	1
3º	▪ Educación Física	2
3º	▪ Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
3º	▪ Física e Química	2
3º	▪ Lingua Castelá e Literatura	3
3º	▪ Lingua Estranxeira	3
3º	▪ Lingua Galega e Literatura	3
3º	▪ Matemáticas	4
3º	▪ Música	2
3º	▪ Relixión / Proxecto Competencial	1
3º	▪ Xeografía e Historia	3
3º	▪ Optativa (1)	3
3º	▪ Tutoría	1
Total 3º		32

(1) A materia optativa de 3º seleccionárase de entre as seguintes:

- Cultura Clásica.
- Educación Dixital.
- Oratoria.
- Segunda Lingua Estranxeira.

4º curso

Curso	Materia	Sesiões Lectivas
4º	▪ Educación Física	2
4º	▪ Lingua Castelá e Literatura	3



4º	▪ Lingua Estranxeira	3
4º	▪ Lingua Galega e Literatura	3
4º	▪ Matemáticas A / Matemáticas B	4
4º	▪ Relixión / Proxecto Competencial	1
4º	▪ Xeografía e Historia	3
4º	▪ De opción 1 (2)	3
4º	▪ De opción 2 (2)	3
4º	▪ De opción 3 (2)	3
4º	▪ Optativa (3)	3
4º	▪ Tutoría	1
Total 4º		32

**(2)** As materias de opción de 4º seleccionárase de entre as seguintes:

- Bioloxía e Xeoloxía.
- Dixitalización.
- Economía e Emprendemento.
- Expresión Artística.
- Física e Química.
- Formación e Orientación Persoal e Profesional.
- Música.
- Latín.
- Segunda Lingua Estranxeira.
- Tecnoloxía.

**(3)** A materia optativa de 4º seleccionárase de entre as seguintes:

- Cultura Clásica, se non foi cursada en 3º.
- Filosofía.
- Oratoria, se non foi cursada en 3º.
- Segunda Lingua Estranxeira.
- Unha materia de opción non cursada.